

# PROGRAMACIÓN DO CURSO MONOGRÁFICO DE INGLÉS AUDIOVISUAL

FEBREIRO A XUÑO, 2010

Profesora:	Carmen de la Fuente
Nivel:	Nivel Intermedio-Intermedio alto
Temporalización:	60 horas distribuídas en 2 sesións semanais de 2 horas cada unha. A parte destas horas presenciais, o curso completárase con algunhas horas de tipo práctico cuxo contido se comunicará aos alumnos unha vez estea comezado o curso.
Horario:	Martes e xoves de 20:00 a 22:00 horas

## **OBXECTIVOS**

### **Obxectivos xerais**

Este curso de “Inglés Audiovisual” abrangue un nivel lingüístico Intermedio e Intermedio-alto, e polo tanto está dirixido principalmente a aqueles estudantes familiarizados coa lingua inglesa, que desexen potenciar e ampliar as súas destrezas comunicativas sobre todo no ámbito da industria dos medios audiovisuais. O alumnado deberá acreditar o seu nivel de lingua mediante unha entrevista persoal. Os obxectivos xerais correspóndense co nivel Intermedio do Marco de referencia europeo para a aprendizaxe, o ensino e a avaliación de linguas do Consello de Europa.

O obxectivo primordial é que o alumnado adquira ou mellore o seu nivel de competencia na expresión e comprensión de certos aspectos específicos da lingua obxecto de estudo, tanto na súa forma falada como escrita, que lle permita desenvolverse en situacións coas que se poidan atopar no seu ámbito profesional específico: referímonos a actores, produtores e outras persoas dedicadas ao mundo dos medios de comunicación. A intención é proporcionarlle ao alumnado cun nivel intermedio/Intermedio-alto de inglés, a información sobre as características fonéticas, as estruturas e normas de interacción comunicativa que poidan ter influencia nas situacións laborais e sociais máis frecuentes coas que se van atopar.

### **Obxectivos específicos**

#### ***Desenvolvemento da competencia comunicativa.***

O curso deberá axudar a que o alumno se poida desenvolver con máis soltura nas seguintes destrezas e/ou situacións:

### ***Linguaxe falada:***

- Comprender a falantes da lingua obxecto de estudio en conversacións de carácter especializado, a velocidade normal.
- Comprender alomenos o esencial da información difundida a través dos medios de comunicación que utilizan como soporte a lingua falada, tais como a radio ou televisión, o cine, a internet, etc.
- Participar de xeito apropiado, anque sinxelo, en situacións de comunicación tales como conversacións sobre temas concretos do mundo audiovisual, falar sobre a súa vida profesional e/ou persoal ou sobre calquera tipo de información relevante.
- Expresar as súas propias ideas, sentimentos e necesidades de forma clara aínda que sexa sinxela.
- Como negociar tratos, anque sexa con certa axuda externa.

### ***Linguaxe escrita:***

- Comprender alomenos o esencial da información contida en anuncios, folletos, respostas comerciais, etc., así como en correspondencia persoal sinxela.
- Escribir notas, apuntes breves e comunicacións persoais sinxelas.
- Encher cuestionarios, formularios e, en xeral, os tipos de impresos máis habituais.
- Comunicarse por escrito, de forma elemental pero axeitada, con persoas deste ámbito profesional, tales como produtores, directores de casting, etc.
- Escribir sobre temas de interese específico do ámbito profesional obxecto deste curso, transmitindo polo menos a información básica.
- Comprender a linguaxe xeral de contractos.
- Comprender de modo xeral críticas de cinema en inglés.

### ***Interacción social:***

- Desenvolverse con certa confianza nas situacións laborais e/ou sociais en que máis probablemente poida verse envolvido.
- Recoñecer as actitudes, estados de animo e intencionalidade expresados polos seus interlocutores e reaccionar ante eles de forma adecuada.
- Utilizar a lingua obxecto de estudio coa adecuación debida (formalidade-informalidade, formulas de cortesía, etc.) a fin de que a súa actuación lingüística produza os resultados pretendidos.

**Desenvolvemento da competencia lingüística:** a información acerca da lingua obxecto de estudio orientarase de cara a conseguir que o alumnado adquira terminoloxía de rodaxe e interpretación, así como terminoloxía básica de negocios.

-Mellora da pronunciación e entoación: Dentro dos contidos do curso e na práctica das destrezas de comprensión e produción oral, tratarase de que o alumnado sexa quen de:

-Discriminar e articular os sons propios do sistema fonolóxico, tanto en palabras illadas como na cadea falada, así como a súa acentuación básica, de forma que permita a comunicación con falantes da lingua.

-Comprender e utilizar as pautas rítmicas e de entoación máis frecuentes.

## **CONTIDOS**

O programa do curso desenvolverase de acordo cos contidos seguintes:

- Comunicación oral ou escrita, co persoal deste eido
- Comunicación oral ou escrita, con produtores/as
- Comprensión escrita dos contratos que se poden atopar na industria do audiovisual
- Negociación oral ou escrita de tratos
- Comprensión de cinema e producións televisivas en inglés, sexan orais ou escritas
- Adquisición de vocabulario a través dos diversos medios de comunicación audiovisual ao seu alcance
  - Terminoloxía de rodaxe e interpretación
  - Terminoloxía de negocios
  - Terminoloxía de produción audiovisual

## **METODOLOXÍA**

As clases serán fundamentalmente prácticas e cun enfoque comunicativo que fomente, en todo momento, a utilización da lingua obxecto de estudo no seu aspecto de produción oral. O alumnado terá que interactuar na conversa cos seus compañeiros e co profesor, e ao mesmo tempo, terá que abordar material audiovisual auténtico ou adaptado ao nivel como, por exemplo, extractos procedentes de emisións de medios de comunicación en lingua inglesa como programas de radio e televisión, extractos de películas en lingua inglesa, etc. Entre as actividades, poderanse utilizar diálogos estruturados e/ou improvisados, role-plays, como dar discursos en cerimonia de premios, os debates que xurdan no propio desenvolvemento dos temas a tratar, etc.

As actividades de expresión oral poderanse combinar e completar con actividades que posibiliten a práctica das outras destrezas como a comprensión oral, expresión

escrita, e comprensión escrita, anque estas dúas últimas formarán parte sobre todo do traballo do alumnado na casa.

Empregaranse materiais reais ou adaptados, axeitados ao nivel do curso, que axuden a adquirir vocabulario, coñecer e practicar a pronunciación e entoación, e que sirvan para familiarizar máis ao alumnado co entorno cultural das industrias audiovisuais no mundo anglosaxón.

## **AVALIACIÓN**

A avaliación do alumnado farase tendo en conta o seu traballo na aula e a través dunha proba final de expresión (produción e interacción) oral.

Para a proba oral, o alumnado terá que realizar dúas tarefas: participar nun diálogo curto e facer unha presentación oral individual. A valoración realizarana 2 profesores do departamento de inglés da EOI de Santiago, sendo unha delas o profesor que imparte o curso.

Os membros do tribunal poderán facer preguntas ou comentarios sobre a presentación realizada, aínda que non intervirán na proba. A cualificación final das probas orais farase atendendo aos criterios de avaliación de expresión oral que se anexan a esta programación.

A continuación detallamos as características da proba de avaliación de 2009 para o curso monográfico de inglés audiovisual.

<i>Tipo de proba</i>	<i>Tarefa(s)</i>	<i>Tempo</i>	<i>Preparación previa</i>
Diálogo entre 2 ou 3 alumnos	Resolver un problema Negociar un trato Negociar un contrato Chegar a un acordo	Entre 10 e 15 minutos	Os alumnos poderán preparar a súa intervención durante uns minutos
Monólogo	Presentación dun proxecto	Até 5 minutos	O alumno poderá levar un esquema da súa intervención.

Así mesmo, valoraránse os exercicios de produción escrita que o alumnado realice ao longo do curso, de xeito voluntario. De realizarse, estes traballos contribuirán positivamente á nota final, nunca negativamente. Utilizaranse os mesmos criterios de avaliación da expresión escrita que para as probas obrigatorias.

Para aprobar o curso, o alumnado deberá obter unha cualificación mínima dun 50% na proba oral final. A cualificación final será APTO ou NON APTO.